

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PENDENTES NA ESO

AVALIACIÓN NA ESO

1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios xerais para levar a cabo a avaliación da materia, aparecen expostos nos Anexos II e III do Decreto 156/2022, que os enumera asociándoos cos obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe avaliáveis e competencias clave. Tendo en conta os contidos mínimos esixibles, o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe será do 50% para cada un deles.

2.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación serán:

I. Probas obxectivas.

A materia de Inglés é unha materia de contidos progresivos. Polo tanto, o contido das probas de cada avaliación será a materia obxecto de estudo durante ese período, máis a materia obxecto de estudo en anteriores períodos ou avaliacións. Non haberá exames de recuperación.

Cada profesor poderá temporalizar as distintas probas ao longo do período de avaliación da maneira en que lle resulte máis axeitada:

	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
a) PROBA ESCRITA (Use of English), que poderá incluír os seguintes aspectos: comunicación, gramática, vocabulario, tradución directa e/ou inversa, cultura anglosaxona, fonética.	✓	✓	✓
b) LECTURA E COMPRESIÓN (Reading Comprehension)	-	✓	✓
c) EXPRESIÓN ESCRITA (Essay)	✓	✓	✓
d) COMPRESIÓN ORAL (Listening)	✓	-	✓
e) EXPRESIÓN ORAL (Speaking) por medio de proba ou observación na aula.	-	-	✓

As probas de Expresión Escrita terán a seguinte extensión en número de palabras:

1º ESO	50-70 palabras
2º ESO	60-90 palabras
3º ESO	90-110 palabras

3º DIV	80 palabras
4º ESO	110-130 palabras
4º DIV	90 palabras

II. Tarefas encomendadas.

As tarefas encomendadas, tanto dentro como fóra da aula, reforzan os contidos e axudan aos alumnos a comprender e fixar os conceptos que se ensinan na clase. Tamén contribúen a desenvolver hábitos de estudo e traballo, así como a reflexionar sobre o aprendido. Para que estas tarefas sexan efectivas, o alumno deberá ser o autor único e ao completo do seu traballo.

Valorarase:

-Se o alumno/a fai as tarefas seguindo as instrucións que se lle deron e as entrega nos prazos indicados, no caso de tarefas encomendadas para facer fóra da aula (traballos, proxectos, actividades interactivas, etc).

-O contido das tarefas, o esforzo, a presentación, a creatividade, a innovación e, en xeral, o grao de implicación do alumno na tarefa encomendada.

III. Observación na aula, que incluírá estes aspectos:

- Traer a clase o material necesario e utilízalo seguindo as indicacións do profesor/a.
- Adquirir e desenvolver hábitos de traballo e disciplina como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas educativas.
- Facer un traballo continuado no caderno ou *workbook*, tomando apuntes dun xeito organizado, con boa presentación e con corrección.
- Atender ás explicacións.
- Colaborar e participar nas actividades que se levan a cabo na aula.
- Manter unha actitude positiva de cara á aprendizaxe.
- Amosar actitudes de tolerancia e respecto hacia a cultura e costumes doutros países, así como hacia o resto de membros da comunidade educativa.
- Ter disposición para comunicarse en inglés de xeito espontáneo.
- Resolver exercicios orais e escritos realizados na aula e/ou de maneira telemática.

3.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións contínuas e finais das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos nesta programación, de acordo co Decreto 156/2022.

I. PROBAS OBXECTIVAS:			
	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
	PESO NA CUALIFICACIÓN	PESO NA CUALIFICACIÓN	PESO NA CUALIFICACIÓN
a) PROBA ESCRITA (Use of English), que incluírá os seguintes aspectos: comunicación, gramática, vocabulario, tradución directa e/ou inversa, fonética, cultura anglosaxona.	50%	50%	40%
b) LECTURA E COMPRENSIÓN (Reading Comprehension)	-	10%	5%
c) EXPRESIÓN ESCRITA (Essay)	20%	20%	20%
d) COMPRENSIÓN ORAL (Listening)	10%	-	5%
e) EXPRESIÓN ORAL (Speaking) por medio de proba ou observación na aula.	-	-	10%
II. TAREFAS ENCOMENDADAS:			
f) TAREFAS ENCOMENDADAS.	10%	10%	10%
III. OBSERVACIÓN NA AULA			
g) OBSERVACIÓN NA AULA.	10%	10%	10%

4.-PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Por período de avaliación:

- a) Acadarán cualificación positiva na materia aqueles alumnos que obteñan unha nota de cinco (5) ou superior despois do cálculo ponderado dos distintos apartados, sempre e cando teñan unha nota mínima de catro (4), tanto na proba de Uso do Inglés como na de Expresión Escrita.
- b) No caso de que un alumno non acade a nota mínima esixida de catro (4) na proba de Uso do Inglés ou Expresión Escrita ou en ambas, e que en aplicación do criterio xeral, obtívase unha cualificación igual ou superior a cinco (5), terá como cualificación na avaliación a nota mínima obtida entre un catro (4) e a obtida polo criterio xeral.
- c) Non acadarán cualificación positiva aqueles alumnos que deixen seccións completas dos exames en branco ou cualificadas con 0 (cero) ou aqueles que entreguen probas coas respostas practicamente en branco ou tan escasas que fagan supoñer que non prepararon a materia.
- d) O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final adicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. A metodoloxía e materiais utilizados nesta fase do curso escolar será a mesma que para o resto do curso.

Cualificación final:

- a) Obterán o aprobado os alumnos que teñan aprobadas as distintas avaliacións parciais.
- b) Tamén obterán o aprobado os alumnos que teñan unha evolución positiva na súa aprendizaxe e superen a terceira avaliación, ao ser a materia de Inglés unha materia de contidos progresivos.
- c) Aqueles alumnos que suspenderan a terceira avaliación e, polo tanto, teñan suspensa a materia, poderán presentarse a unha proba final, que terá un contido global e será similar en forma ás probas da 3ª avaliación de Uso do Inglés e Expresión Escrita. O peso na cualificación será de 70% no caso de Uso do Inglés e 30% no caso de Expresión Escrita.

Non poderán presentarse a esta proba aqueles alumnos que non se presentaran ás Probas Obxectivas da 3ª avaliación (Ap.I), nin tampouco aqueles que non entregasen, de xeito reiterado, as Tarefas Encomendadas (Ap. II) ou obtivesen cualificación negativa en Observación na Aula nas diferentes avaliacións(Ap. III).

Superarán a materia por este método aqueles alumnos que acaden unha cualificación positiva de cinco (5) na proba, sempre e cando teñan unha nota mínima de catro (4), tanto na parte de Uso do Inglés como na de Expresión Escrita.

No caso de que un alumno non acade a nota mínima esixida de catro (4) na proba de Uso do Inglés ou Expresión Escrita, e que no cálculo da nota media obtívase unha cualificación igual ou superior a cinco (5), terá como cualificación na convocatoria extraordinaria a nota mínima obtida entre un catro (4) e a obtida polo cálculo da nota media.

Durante os primeiros 15 minutos do exame, non poderá abandonar a aula ningún alumno e si poderán entrar aqueles alumnos que cheguen tarde, sempre e cando haxa un motivo

xustificado. A partir dos 15 minutos, os alumnos que o desexen poderán abandonar a aula do exame e non poderá entrar ningún alumno que chegue tarde.

Cálculo da nota final:

O cálculo da nota final dos alumnos que aprobaron a terceira avaliación, poderase facer de dous xeitos:

1. A nota final será a nota da terceira avaliación.
2. A nota final será calculada segundo a media ponderada das tres avaliacións e coas seguintes porcentaxes: 1ª Avaliación (20% da nota); 2ª Avaliación (30% da nota); 3ª Avaliación (50% da nota).

Aplicarase o cálculo da nota que máis favoreza ao alumno/a.

3. A nota final dos alumnos que se presentaron á proba final e aprobaron, será de 5.

5.-CRITERIOS ADICIONAIS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

a) No caso de existir evidencia de que un alumno copiara un exame total ou parcialmente, a proba quedará invalidada cunha puntuación de "0" e o alumno terá que presentarse á convocatoria seguinte da proba coa mesma entidade que estea fixada para todo o alumnado do seu grupo ou curso.

b) O alumno/a deberá ser o autor das tarefas encomendadas. No caso de existir evidencia de que un alumno presenta traballos feitos total ou parcialmente por terceiras persoas ou tarefas plaxiadas, a tarefa quedará invalidada cunha puntuación de "0" e o alumno perderá a porcentaxe correspondente á nota do apartado II.

c) A asistencia dos alumnos ás probas sinaladas e datadas é obrigatoria e só se repetirán en caso de enfermidade, falecemento dun familiar de 1º ou 2º grao ou deber inexcusable de carácter xudicial. Todas estas circunstancias deberán estar debidamente documentadas de xeito oficial no prazo máximo de unha semana.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

A.PLAN DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso coa materia de Inglés sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e superación. O programa terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

Como parte esencial deste programa faránselle ao alumno indicacións precisas sobre as seguintes cuestións:

- a. Información relevante sobre a materia a superar: currículo, recursos necesarios, metodoloxía e criterios de avaliación.
- b. Actividades e exercicios a realizar.
- c. Datadas das distintas probas que se programen.

O plan de reforzo e as probas de avaliación serán elaborados polo profesorado do Departamento no seu conxunto. O seguimento do plan de reforzo e a avaliación da materia pendente serán feitos pola profesora que imparta a materia ou ámbito á alumna ou ao alumno no actual curso académico.

B. CALENDARIO DE ACTIVIDADES E EXAMES PARA ALUMNOS DE 2º, 3º E 4º DE ESO CON INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

1.-O Departamento de Inglés elaborará un dossier para entregar aos alumnos, que incurrirá o seguinte:

- Portada co nome do alumno/a, materia e curso pendente.
- Información relevante para a recuperación da materia pendente. Esta información, que será entregada por duplicado, deberá ser asinada polo alumno /a e os seus pais ou titores legais e unha das copias devolta á profesora.
- Contidos esixibles.
- Actividades e exercicios a realizar e prazos correspondentes.

2.-A profesora que imparte a materia aos alumnos no curso actual fará unha reunión cos mesmos durante o mes de outubro para explicarlles o plan de reforzo. A data e lugar desta reunión publicarase no taboleiro de anuncios das aulas correspondentes e na Aula Virtual do grupo pendente, cando estea dispoñible.

Ao longo do curso, a profesora correspondente fará as reunións que estime oportunas para o seguimento da materia pendente.

3.-Para superar a materia, os alumnos deberán cumprir estes dous requisitos:

a) Entregar en prazo as actividades propostas pola súa profesora. As tarefas terán que estar entregadas na súa totalidade **o día da realización dos exames**.

b) Presentarse aos exames correspondentes, e superar un dos dous exames finais que se realizarán ao longo do curso e que serán os seguintes:

-1º exame (**1º Exame final**: Uso do Inglés e Essay): mércores, 22 de xaneiro de 2025 ás 16:30 horas na aula Xurxo Lobato.

-2º exame (**2º Exame final**: Uso do Inglés e Essay): mércores, 23 de abril de 2025 ás 16:30 horas na aula Xurxo Lobato.

4.-Superarán a materia aqueles alumnos que realicen e entreguen os exercicios da materia pendente nas datas acordadas e aproben o primeiro exame final, sempre e cando acaden unha nota mínima de catro (4) en ambas partes da proba.

Os alumnos que non superaran este primeiro exame, deberán presentarse ao segundo exame, sendo imprescindible entregar feitos e en prazo os exercicios propostos para a superación da materia.

5.-No hipotético caso de que algún alumno superase no mes de xuño a materia de inglés do curso actual e suspendese os dous exames finais da materia pendente, poderá obter cualificación positiva na materia pendente, tendo en conta que o inglés é unha materia de contidos progresivos. Para iso, é requisito imprescindible que o alumno/a se presentase aos dous exames finais e entregase todas as actividades en prazo. A nota máxima que se pode obter por este sistema é de 5 (cinco).

O alumnado que cursa programas de Diversificación superará a materia ou materias de Inglés pendentes de cursos anteriores se supera o ámbito correspondente, ao estar a materia de Inglés integrada no Ámbito Sociolingüístico, segundo se indica no Decreto 156/2022.

6.-Os criterios adicionais de avaliación e cualificación serán os mesmos que para a materia do curso actual .

IES Monelos (A Coruña)